

## Actividades para proxectos

FP. Grao Medio e Grao Superior. 16 a 20+ anos

## eT-Patrimonio Live

	<b>Formación Profesional</b> 16 a 20+ anos
	<b>Nivel Medio</b>
	<b>Temporalización</b> 6 sesións
	<b>Socios</b> 2-4 socios

### DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

- Crear produtos dixitais sobre o patrimonio cultural da cidade do alumnado socio
- Compartir estes produtos dixitais nun muro virtual
- Celebrar un festival internacional virtual de patrimonio para coñecer as cidades socias

## OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

1. Impulsar a creatividade e a autonomía na creación e na xestión de produtos dixitais.
2. Compartir as creacións de patrimonio no TwinSpace e en videoconferencia.
3. Competir nun festival virtual para premiar o equipo con mellores resultados.

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### Fase 1: Preparación

#### Paso 1: Creación dunha conta do proxecto

Co fin de ter gardados no mesmo espazo virtual todos os produtos dixitais creados polos equipos dun proxecto, créase unha conta de correo electrónico coa que se realiza o rexistro en todas as ferramentas externas das tecnoloxías da información e da comunicación (en adiante TIC) que se vaian empregar.


Con esa conta pódense compartir colaxes, quebracabezas e outros produtos dixitais creados e abrir unha canle de vídeos creados polo alumnado socio.

Titorial 1: Creación de conta de Google e unha canle de vídeo

[https://www.youtube.com/watch?v=42rkQ\\_tD2I4](https://www.youtube.com/watch?v=42rkQ_tD2I4)


#### Paso 2: Creación de páxinas e subpáxinas no TwinSpace

Os docentes crean unha páxina de actividades no TwinSpace co nome de “Festival virtual de eT-Patrimonio”.



Titorial 2: Creación e xestión de páxinas no TwinSpace

<http://etwinning.es/es/gestion-de-paginas-en-el-twinspace/>



### **Paso 3: Rexistro de alumnado socio no TwinSpace**

Os docentes rexistran o alumnado no TwinSpace e asígnanlle o rol de alumno-administrador a aqueles estudantes que van xestionar os espazos; entréganlles as claves de acceso individual e indícanlles a URL para entrar

<http://twinspace.etwinning.net>

**Titorial 3:** Rexistro de alumnado e asignación de rol no TwinSpace

<http://etwinning.es/es/perfiles-y-permisos-en-el-twinspace/>

### **Fase 2: Creación e xestión de produtos dixitais**

#### **Paso 4: Creación e xestión de imaxes nun álbum en MATERIAIS-Imaxes do TwinSpace**

O profesorado socio organiza o alumnado en equipos. Nesta actividade son equipos nacionais e é unha proposta de simulación previa á formación de equipos internacionais. O seu obxectivo é dar a coñecer as cidades dos estudantes socios.

Hai que recordar que:


1. As imaxes han de ser de elaboración propia, o que fomenta a creatividade do alumnado.
2. As imaxes poden ser de almacéns de imaxes libres como, por exemplo, de <https://pixabay.com/es/>
3. Se non son da nosa propiedade ou non son libres, hai que citar a fonte.

Unha vez que os estudantes teñen imaxes, van subilas ao TwinSpace no álbum que se creou en MATERIAIS-IMAXES.

Pode crealas un estudante con papel de editor ou o profesorado. O alumnado garda no álbum creado no espazo de MATERIAIS, as imaxes que creou durante o procedemento que van ser incluídas nos produtos dixitais.

**Titorial-4:** Xestión de produtos dixitais no TwinSpace

<http://etwinning.es/es/como-subir-archivos-a-una-carpeta-y-posteriormente-enlazarla-a-una-pagina-del-twinspace/>



## Paso 5: Creación e xestión de colaxes de imaxes

Suxírese a creación dunha reportaxe en forma de colaxe coa inclusión de imaxes relacionadas coas cidades do alumnado socio.

Precísase unha ferramenta dixital fácil para a creación de vídeos curtos como é befunky, <https://www.befunky.com/es/>, ou similar.

**Titorial-5** Creación de colaxes de imaxes con befunky

[https://www.youtube.com/watch?v=I9PLcRqN\\_Wc](https://www.youtube.com/watch?v=I9PLcRqN_Wc)



Outra ferramenta fácil é Photovisi, cuxa ligazón é <https://www.photovisi.com/>; de fácil manexo.

**Tutorial-6:** Creación de colaxes con Photovisi.com

<https://www.youtube.com/watch?v=Obj8-g91XcU>



### **Paso 6: Creación e xestión de videocolaxes**


Precísase unha ferramenta dixital fácil para a creación de vídeos curtos como é Animoto cuxa ligazón é <https://animoto.com/>

Para acceder á ferramenta dixital:

**Tutorial 7:** Como crear videocolaxes

<https://www.youtube.com/watch?v=hKpkEp0nFIE>

No almacén da aplicación gárdanse os vídeos do proxecto e desde aquí pódense incrustar no TwinSpace.



Unha vez creados os vídeos pódense incrustar no TwinSpace. Se son vídeos de YouTube que están na canle do proxecto, pódese engadir a URL na carpeta de vídeos e así quedan gardados.

**Titorial-8:** Xestión de vídeos no TwinSpace

<http://etwinning.es/es/gestion-de-videos-en-el-twinspace/>

### **Fase 3: Exposición de creacións dixitais no festival virtual de eT-Patrimonio**

#### **Paso 7: Subida das creacións á páxina de TwinSpace creada.**



As imaxes das carpetas e as colaxes engádense á páxina creada con anterioridade no paso 2, **Festival virtual de eT-Patrimonio**, tras seleccionar a opción de “modificar a páxina”.

*Unha vez permitida a edición desta páxina e a través da icona do “clip”, búscanse as imaxes do álbum e sóbense a este espazo.*

*Os vídeos que non son dos formatos compatibles co TwinSpace incrustanse tras copiar e pegar o seu código de incrustación na páxina coa opción de HTML seleccionada.*

Nas Figuras 7 e 8 obsérvanse as creacións no espazo virtual do festival.






## Fase 4: Videoconferencia para celebrar o festival virtual de eT-Patrimonio

### Paso 8: Videoconferencia

Os docentes crean unha sesión de videoconferencia no TwinSpace do proxecto, como se observa na Figura 9.



O obxectivo desta sesión é o de visualizar e compartir de forma síncrona as creacións dixitais e así gozar do patrimonio cultural das cidades do proxecto.

Para iso o docente que cree a sesión compartirá na pantalla a páxina do TwinSpace onde están aloxadas as creacións dixitais.


Froito desta conferencia crearase un único vídeo onde se incluírán os de cada cidade así como imaxes das capturas de pantalla da videoconferencia.

### Titorial 9: A ferramenta de videoconferencia

<http://etwinning.es/es/la-herramienta-de-videoconferencia-en-los-proyectos-etwinning/>

### Titorial 10


<https://live.etwinning.net/support> Para descargarse o programa Adobe Connect.



É importante contrastar a hora de celebración xa que pode variar duns países a outros, utilízase de referencia a hora central europea CET: Central European Time.

[http://es.thetimenow.com/cet/central\\_european\\_time](http://es.thetimenow.com/cet/central_european_time)





**Tutorial 11-** Como gravar un evento en liña (videoconferencia) e como recuperar a gravación en eTwinning Live

<http://etwinning.es/es/materiales-de-ayuda/ayuda-etwinning/como-grabar-un-evento-online-videoconferencia-y-como-recuperar-la-grabacion-en-etwinning-live/>


### **Fase 5: Autoavaliación. Recoñezo as cidades do proxecto?**

A xeito de autoavaliación créase no TwinSpace unha páxina para que os estudantes repasen duna maneira fácil e divertida se recoñecen as cidades dos estudantes socios no proxecto.

Unha aplicación sinxela de autoavaliación é a de “learningapps”, cuxa ligazón é <https://learningapps.org/> e á que se accede coa conta común do proxecto.

A primeira actividade incrustase no TwinSpace na páxina titulada “**Repasando o eT-Patrimonio dos estudantes socios**” e a súa ligazón é:

<https://learningapps.org/watch?v=pvdyuvzn318>



Na segunda das actividades hai que identificar as imaxes que van xurdindo co nome da cidade. Hai dúas cidades e é tamén autocorrectivo.

O título da actividade é: É Cuenca ou Dublín? A súa ligazón é:

<https://learningapps.org/watch?v=pwu6fyst518>



## PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- Conta de correo electrónico e canle de vídeo do proxecto
- Colaxes
- Videocolaxes
- Sesión de videoconferencia
- Actividades de avaliación do creado no TwinSpace.

## FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Ferramentas de creación de contas de correo electrónico <https://mail.google.com>
- Ferramentas de creación de canles de vídeo <https://www.youtube.com/>
- Ferramentas libres de edición de colaxes:
- <https://www.befunky.com/es/> ; <https://www.photovisi.com/>
- Ferramentas para creación de vídeos curtos: <https://animoto.com/>
- Ferramenta virtual para creación de actividades de autoavaliación <https://learningapps.org/>
- <https://www.tricider.com/>



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)

